

COMUNICADO Nº 071/22 10 DE MAIO DE 2022

□ REGULAMENTO TÉCNICO CAMPIONATO DE GALICIA CARCROSS JUNIOR 2022

ARTICULO 1. REGULAMENTO XERAL.

- 1.1.- Será de aplicación as Prescricións Comúns para os Campionatos, Copas e Trofeos de Galicia desta tempada.
- 1.2.- Será de aplicación o regulamento dos Campionatos de Galicia de Autocross-Rallycross desta tempada.

ARTIGO 2. ASPIRANTES ADMITIDOS.

- 2.1.- Será de aplicación as Prescricións Comúns para os Campionatos, Copas e Trofeos de Galicia desta tempada.
- 2.2.- Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2022 publicado pola Federación Galega de Automobilismo
- 2.3.- A categoría Junior Carcross está reservada a todos os pilotos cunha idade mínima de 13 anos.
- 2.4.- A categoría Junior Carcross está reservado a pilotos cunha idade comprendida entre os 13 e 18 anos, e que estean de acordo co artigo 1.1 e 1.2 do presente regulamento.

ARTIGO 3. OBRIGACIÓNS E CONDICIÓNS XERAIS.

- 3.1.- A Federación Galega de Automobilismo establece para este ano as seguintes Copas e Trofeos de Galicia de Junior Carcross.
 - Campionato de Galicia de Junior Carcross.
- 3.2 Calquera posible contradición entre algún destes documentos, resolverase aplicando o de maior rango, sendo o primeiro o da Federación Galega de Automobilismo.

ARTIGO 4. PROBAS PUNTUABLES.

- 4.1.- As probas puntuables para o Campionato Junior Carcross serán todas as probas de Autocross, establecidas polo Calendario Deportivo da Federación Galega de Automobilismo e que puntúen para o Campionato de Galicia de Autocross-Rallycross.

ARTIGO 5. VEHÍCULOS ADMITIDOS.

- 5.1.- A participación na Campionato Junior Carcross deste ano queda reservada a vehículos que cumpran coa regulamentación específica do Trofeo de España Fórmula Junior Car-Cros.
- 5.2.- A participación na Campionato Junior Carcross desta tempada queda reservada a vehículos que cumpran coa regulamentación específica do Anexo 9, (Regulamento Técnico Junior Carcross) do Campionato de España de Autocross CEAX.

ARTIGO 6. SISTEMA DE CONTROL DE MOTOR (E.C.U.).

- 6.1.- As centralitas deben permanecer ESTRITAMENTE DE SERIE. O número de canles de sensores e actuadores da ECU, deben ser os orixinais.
- 6.2.- A Federación Galega de Automobilismo establece un sistema de igualación de motores baseado na limitación das prestacións dos mesmos cun sistema único e igual para todos os participantes.
- 6.3.- Método de limitación da potencia mediante cartografía única da ECU subministrada pola Federación Galega de Automobilismo baixo as condicións seguintes.

ARTIGO 7. CONDICIÓNS XERAIS SOBRE A XESTIÓN DE CENTRAIS NAS COMPETICIÓNS PUNTUABLES.

- 7.1.- Todo competidor rexistrado na categoría Junior Car Cros estará obrigado a cumprir as seguintes condicións.
- 7.2.- A cartografía oficial desenvolvida pola Federación Galega de Automobilismo será subministrada

oficialmente, e en exclusiva, por esta.

7.3.- Cada participante deberá estar en posesión dunha centralita de orixe do motor marca SUZUKI modelo GSX- R600 ou GSX- R750 e especificacións K7 en bo estado de funcionamento.

7.4.- As centralitas admitidas serán as seguintes:

Referencia Suzuki GSX- R 600

32920-01 H00

32920-01 H10

32920-01 H20

32920-01 H30

32920-01 H40

Adicionalmente, serán admitidas as seguintes centrais:

Referencia Suzuki GSX- R 750

32920-02 H00

32920-02 H10

32920-02 H20

32920-02 H30

32920-02 H40

7.5.- O incumprimento dalgún dos puntos da presente normativa poderá supoñer a descalificación da competición por parte dos Comisarios Deportivos.

ARTÍGO 8. XESTIÓN DAS CENTRALITAS DURANTE A COMPETICIÓN.

8.1.- Será a primeira categoría en ser verificada na primeira hora marcada nas verificacións administrativas e técnicas. Isto se debe a deixar tempo suficiente para a preparación e precintado das centralitas.

8.2.- Cada participante se presentará nas verificacións técnicas unha vez pasara as administrativas, cunha centralita orixinal do motor (ECU) marca SUZUKI modelo GSX- R600 ou GSX- R750 e especificacións K7 en bo estado de funcionamento.

8.3.- O representante técnico da Federación Galega de Automobilismo cargará a cartografía desenvolvida para o efecto, nese momento.

8.4.- A continuación, serán instaladas en cada vehículo, coa supervisión do representante Técnico, e precintadas de novo para impedir o acceso á cartografía. A centralita deberá ir instalada nunha caixa estanca, cunha soa tapa. Esta será precintada para evitar unha posible manipulación. Os conectores da ECU para a instalación eléctrica deberán estar no interior da caixa, de maneira que non poidan extraerse da mesma unha vez pechada.

8.5.- A manipulación da centralita, así como o intento de acceso á mesma, estará prohibida durante toda a duración da competición. Prohíbese acceder á centralita a través de conectores ou picando nos propios cables ou calquera outro sistema ou maneira.

8.6.- A instalación eléctrica dos vehículos deberá ser visible en todo momento non estando ningún cable da mesma nunha posición que dificulte a correcta visión do esquema eléctrico.

8.7.- O representante Técnico da Federación Galega de Automobilismo, durante o transcurso da competición, en calquera momento e ao seu exclusivo criterio, ou dos Comisarios Deportivos, poderá substituír a centralita de calquera dos participantes por unha de substitución que conteña a cartografía oficial desenvolvida para esta categoría pola Federación Galega de Automobilismo, dándose este caso o competidor se responsabilizara de dita ECU en todo o tempo que esta estea no seu poder. Tamén pódese dar o caso en que se re programe coa cartografía oficial.

8.8.- Non serán admisibles reclamacións e/ou apelacións fundamentadas coa irregularidade técnica dos elementos identificados neste artigo, ou dos puntos do artigo 5 deste regulamento.

ARTÍGO 9. No caso de que este regulamento se contradiga, ou teña erratas, poderá ser corrixido.

COMISIÓN DE AUTOCROSS DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO